



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Literatura e Xénero (Ámbito Hispánico)	Código	613584111	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Tato García, Cleofe	Correo electrónico	cleofe.tato@udc.es	
Profesorado	Tato García, Cleofe	Correo electrónico	cleofe.tato@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo avanzado de textos literarios priorizando o xénero como categoría de análise. Achegamento a distintas producións literarias significativas desde esta perspectiva.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A10	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B3	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C9	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer a categoría de xénero e a súa relevancia no estudo das creacións culturais, artísticas e literarias, tendo en conta o contexto histórico no que se producen e os cambios que a adoción desa perspectiva conlevou.	AM2 AM7 AM8 AM9 AP1 AI3	BM3 BP1 BP2 BP4 BP7	CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 C11
Ser capaz de aplicar á perspectiva de xénero a algunhas producións significativas da literatura española atendendo aos distintos aspectos implicados	AM7 AM8 AM9 AP1 AI1 AI3	BM3 BP1 BP2 BP3 BP5 BP7	CM1 CM2 CM4 CM5 CM6
Ser quen de producir textos escritos, debidamente elaborados e ordenados, nos que se apliquen os coñecementos adquiridos, se ofrezca unha síntese, se contraponían puntos de vista ou teorías..., sempre cunha visión crítica e reflexiva	AM2 AM8 AM9 AP1 AI1 AI3	BM3 BP2 BP3 BP4 BP5 BP7	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 C11 C13

Contidos	
Temas	Subtemas
Muller e literatura na Idade Media	Cuestións previas: a invisibilidade da muller na época. Textos a favor e en contra das mulleres. Mulleres e voces de muller na literatura medieval. Mulleres escritoras.
3. A muller e o Cancioneiro	A imaxe da muller nos textos. Lectoras e consumidoras de poesía. A muller como destinataria dos poemas. A muller escritora: nomes silenciados e mulleres con voz.
Introdución	A perspectiva de xénero nos estudos culturais. Importancia do contexto histórico. A súa aplicación á análise literaria.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B10	0.5	0	0.5
Sesión maxistral	A2 A7 A8 A9 A12 B6 B7 B10 C5 C6	7	6	13
Obradoiro	A2 A14 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C9	6.5	5	11.5
Eventos científicos e/ou divulgativos	A2 A14 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C9	0	4	4



Traballos tutelados	A2 A14 A7 A10 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C9	0	27	27
Lecturas	A2 A14 A7 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B10 B3 C1 C2 C7 C5 C6 C9	0	10	10
Proba mixta	A2 A7 A10 A8 A9 A12 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C4 C7 C5 C6 C9	1	7	8
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Proba inicial sobre os coñecementos previos relacionados coa materia, así como intereses, morivación... Preténdese obter información para artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe significativa.
Sesión maxistral	Nas sesións expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente na profesora, que tratará de familiarizar ao estudante cos contidos abordando de maneira sintética os aspectos e problemas que descoñece; a tal efecto, procurará ofrecer panorámicas xerais de carácter introductorio, que se completarán con bibliografía. Para que o alumnado se implique nestas sesións, buscarase a súa intervención (preguntas-respostas, interpelacións...).
Obradoiro	Combinación de diversas metodoloxías e probas (prácticas guiadas, exposicións, análise de fontes documentais, discusións dirixidas, exercicios de comentario, de completar, etc.) a través das que o alumnado desenvolve tarefas aplicando os coñecementos adquiridos sobre distintos aspectos do programa, sempre co apoio e supervisión da profesora. Nalgún caso, pode solicitarse que cumplimente algún exercicio ou tarefa na casa para traballalo posteriormente na aula. Unha ou máis desas tarefas poderá(n) ser recollida(s) pola profesora para a avaliación.
Eventos científicos e/ou divulgativos	De ser posible, asistirán a algunha conferencia que desenvolva algún aspecto do programa, no marco das actividades dalgún proxecto ou grupo de investigación que se celebren durante o curso 2017-2018.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá preparar un breve traballo sobre algún aspecto do programa que a profesora lle asignará seguindo as pautas que se establezan para a súa presentación no seu momento. Na primeira fase, o alumno haberá preparar un breve guión que debe discutir coa profesora, ao que debe atermos para a súa realización.
Lecturas	Ademais dalgúns textos literarios de lectura obrigatoria, a profesora proporcionará artigos e estudos que axuden a asimilar ou completar a información das sesións maxistrais; poderá tamén marcarse algunha lectura máis, que o estudante levará a cabo fóra da aula, para participar nas actividades do obradoiro (resumo, esquema, debate, breve presentación dalgún texto ou tema...).
Proba mixta	Ao final do curso, na data fixada pola Facultade, o alumno realizará unha proba dedicada a verificar a adquisición das competencias da materia, para o cal se lle plantexarán preguntas e exercicios de diverso tipo. Se requirirá, ademais, que alcance un nivel de expresión acorde co dun posgrao universitario.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas Obradoiro Proba mixta Traballos tutelados	O alumno poderá, sempre que sexa preciso, requirir a atención personalizada da profesora, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta, como nas sesións dedicadas ao obradoiro ou nas lecturas, mais nunca pode suplir as explicacións que non ten seguido por se ausentar da aula inxustificadamente. No que atinxe á realización do traballo, deberá acudir a tutorías na primeira fase para presentar o guión, mais despois é recomendable que consulte as dúbidas ou problemas que se lle planteen no proceso de elaboración.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Eventos científicos e/ou divulgativos	A2 A14 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C9	Os estudantes asistirán a algún evento ou conferencia das que se celebren no marco dalgún proxecto ou grupo de investigación e farán unha recensión completa da mesma; valorarase a comprensión da exposición e que saiban dar conta dela de modo completo e organizado. No caso de que non se poda contar con esta posibilidade, buscarase algunha outra actividade.	20
Obradoiro	A2 A14 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C9	Valorarase a participación nas aulas, así como os exercicios e actividades que o alumno leve a cabo nas distintas sesións, atendendo á súa capacidade crítica e ás súas achegas.	15
Proba mixta	A2 A7 A10 A8 A9 A12 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C4 C7 C5 C6 C9	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase unha proba mixta na que, a través de preguntas e exercicios varios, o alumno demostrará ter acadado os coñecementos e competencias previstas. Será moi importante tamén que neste exercicio ofrezca unha expresión acorde ao nivel dunha titulación de posgrao.	20
Traballos tutelados	A2 A14 A7 A10 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C9	Os alumnos prepararán un traballo sobre algún aspecto relacionado coa materia que a profesora determine. Valorarase a aportación que o estudante faga, a organización das ideas, a orixinalidade, a fundamentación científica... Tamén serán tidas en conta as cuestións formais (presentación, expresión, sistema de citas, referencias bibliográficas...).	45

Observacións avaliación

Só se aceptarán actividades e exercicios realizados e entregados na data que se estableza, en soporte de papel e seguindo as normas que se precisen en cada caso. Non se poderá aprobar a materia sen acadar unha calificación mínima en cada un dos ámbitos contemplados na avaliación; se o estudante prescinde dalgún deses instrumentos contará cun "Non Presentado".

Na segunda oportunidade (xullo), aplicarase o mesmo sistema de avaliación; no exame, que se celebrará na data oficial fixada pola Facultade, complementariamente o alumno dará conta, nese mesmo momento, das demais actividades e exercicios que tiver pendentes.

Dase por suposta a asistencia ás aulas; aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida debe poñerse en contacto coa profesora ao inicio do curso para establecer o mecanismo de seguimento da súa aprendizaxe. Alén diso, se algún alumno xustifica debidamente a imposibilidade de acudir ao evento divulgativo ou científico previsto, a profesora deseñará algunha outra proba ou traballo coa que se poda subsanar esa parte da avaliación.

A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo ha ser a que corresponde a unha titulación de posgrao (non só se tomará en conta, xa que logo, a corrección ortográfica e gramatical). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fóra da aula non garden relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza na aula baixo o control da profesora, para avaliar a expresión tomaranse como referencia os escritos que aquel ten elaborado sen axuda externa.

Fontes de información

Bibliografía básica	- PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (ed.) (1989). Poesía femenina en los cancioneros. Madrid: Castalia Ademáis dos textos contidos nesa antoloxía, a profesora proporcionará unha selección doutros que facilitará con cada tema.
Bibliografía complementaria	- DEYERMOND, Alan (1995). ?Las autoras medievales castellanas a la luz de las últimas investigaciones?. - LÓPEZ ESTRADA, Francisco (1984). ?Las mujeres escritoras en la Edad Media castellana?. - LORENZO GRADÍN, Pilar (1997). ?Voces de mujer y mujeres con voz en las tradiciones hispánicas medievales?. - WHETNALL, Jane (1984). ?Lírica femenina in the Early Manuscript Cancioneros?. Apúntanse algúns títulos, mais engadirase outra bibliografía no curso das sesións e a medida que se vaian estudando os textos. Como repertorio bibliográfico, pode empregarse Rafael M. Mérida Jiménez, Mujer y cultura literaria en las letras ibéricas medievales y del renacimiento temprano, Kassel, Reichenberger, 2011.



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Entendese que o alumno dispón dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario dunha titulación de posgrao; de calquer xeito recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficas, sintácticas ou doutro tipo) que as subsanen.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías